



Resolución do 29 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas para o desenvolvemento da convocatoria do curso 2019-2020 das probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente, pola Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mantense a vixencia das medidas preventivas adoptadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia polo Cecop con base no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo, mentres que estea vixente a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno do Estado e a situación de emerxencia sanitaria declarada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino recollidos no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) publicou a Orde EFP/361/2020, do 21 de abril, pola que se adoptan medidas excepcionais en materia de flexibilización das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e das ensinanzas de réxime especial, na que se establecen excepcións na aplicación da normativa reguladora da formación profesional no curso 2019-2020. Na súa disposición derradeira segunda indica que lles corresponde ás administracións educativas competentes de cada comunidade autónoma ditar as resolucións, as disposicións e as instrucións necesarias para garantir a súa eficacia.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7 a flexibilización das medidas no ámbito educativo non universitario no suposto de acordarse a progresión á fase II ou posterior nunha determinada unidade territorial.

A Orde SND/440/2020, do 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, no punto nove do artigo quinto modifica o anexo da Orde SND/414/2020 incluíndo a Comunidade Autónoma de Galicia dentro das unidades territoriais ás que é de aplicación a fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Publicouse a Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.





Tendo en conta o anterior e a Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e coa finalidade de dar continuidade ao itinerario formativo das persoas interesadas en participar nas devanditas probas, é preciso ditar as instrucións para o seu desenvolvemento na situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19 e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto establecer o calendario da convocatoria de probas do curso 2019-2020 establecidas na Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que foi aprazada en aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e de formación previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 2. *Matriculación*

1. O período de presentación de solicitudes de matrícula será do día 1 ao 12 de xuño de 2020.
2. Para o relacionado cos lugares de presentación e coa documentación necesaria para presentar a solicitude de matrícula, será de aplicación o establecido no artigo 8 da Orde do 5 de abril de 2013.
3. Terá consideración de matrícula efectiva a solicitude presentada no período de presentación de solicitudes sempre e cando a persoa solicitante cumpra os requisitos de acceso para a realización das probas libres segundo o establecido no artigo 6 da Orde do 5 de abril de 2013 e no punto vixésimo primeiro da Resolución do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019-2020.
4. As persoas solicitantes que non cumpran os requisitos notificaráselles individualmente ou ben no momento de presentación da solicitude de matrícula, ou con posterioridade se nese momento non fose posible.

Artigo 3. *Oferta de prazas*

1. O número e distribución de prazas ofertadas segundo o disposto no artigo 5 da Orde do 5 de abril de 2013 faranse públicos na páxina <http://www.edu.xunta.gal/fp> ao inicio do período de presentación de solicitudes de matrícula.
2. Coa finalidade de simplificar e axilizar os procesos de admisión e matrícula, na convocatoria do curso 2019-2020, terán consideración de prazas liberadas todas as ofertadas para as probas libres. No caso de que a demanda de prazas exceda as ofertadas, o centro estará autorizado a incrementar o límite establecido. Só no caso excepcional de que o número de prazas demandadas superase as posibilidades organizativas do centro será necesario aplicar o baremo establecido no artigo 9 da Orde do 5 de abril de 2013 e distribuír o excedente de solicitudes nos centros máis achegados que dispoñan da mesma oferta.





Artigo 4. *Calendario de desenvolvemento da proba*

As probas realizaranse na primeira quincena do mes de setembro, o que permitirá ás persoas aspirantes dar continuidade ao seu itinerario formativo.

Artigo 5. *Outros aspectos do desenvolvemento das probas*

Por razóns organizativas e de temporalización derivadas da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, non será de aplicación na convocatoria actual o disposto nos seguintes artigos da Orde do 5 de abril:

- Artigo 4. Calendario de desenvolvemento da proba.
- Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes.
- Artigo 10. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes e matrícula.
- Artigo 13.1. Harmonización coas actividades de recuperación dos módulos pendentes.
- Disposición adicional terceira. Proba extraordinaria de avaliación para o alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua.

Artigo 6. *Medidas de prevención*

Durante a realización das probas respectaranse todas as medidas de prevención e hixiene establecidas na Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería ou calquera outra medida establecida para os centros educativos.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

